

## **Alguns testemunhos de reintegracionismo lingüístico galego-português nos anos 60-70<sup>1</sup>**

José-Martinho Montero Santalha  
(Univ. de Vigo)

Algum actual adversário do reintegracionismo tem definido a ideia da unidade lingüística galego-portuguesa como “um tópico do galeguismo”. Prescindindo da conotação despectiva que parece haver na intenção do autor, não há dúvida de que tal definição corresponde exactamente à realidade histórica: na consciência da cultura galega moderna, desde o Padre Feijoo a Carvalho Calero, o carácter lusófono da Galiza, formulado de diversas maneiras, foi ideia constante. Murguía, Pondal, Viqueira, Risco, Otero Pedraio, Castelao som, entre muitos outros, nomes sobranceiros.

É verdade que também existiu uma opinião contrária, mais ou menos explícita, mas sempre como parecer marginal –e nunca por isso marginado pela corrente maioritária: ao revés do que acontece hoje com o reintegracionismo, que é uma concepção marginada pela outra opinião (agora arvorada ao poder político-cultural), mas não por isso marginal.

Para lembrar o ambiente de ideias em que surgiu a Associação Galega da Língua (AGAL) pode ser clarificador passar revista a alguns testemunhos reintegracionistas das décadas iniciais da segunda metade do século XX. Poderá ver-se aí que, efectivamente, a ideia da reintegração lingüística da Galiza no seio do idioma comum galego-português, nomeadamente no terreno da ortografia, estava então mais viva que nunca, e começava a assumir ademais carácter de tarefa urgente. Esta história lineal e já secular, no entanto, começará a desviar-se nos finais

---

<sup>1</sup> Este texto reproduz, em esquema, a conferência proferida em Dezembro de 2001 na Faculdade de Filologia de Santiago, com ocasião da celebração do vigésimo aniversário da fundação da AGAL.

dos anos 70, quando o poder político da recém constituída autonomia erija em oficial a ideologia tradicionalmente marginal, que, provavelmente, sem esse apoio político nem sequer teria pervivido durante estes vinte anos. Justamente este imprevisto desenvolvimento, e a ameaça que ele entranha para a supervivência do idioma, foi o que levou a fundar a AGAL.

Apresentarei, pois, em ordem cronológica, umha selecçom de textos ou referências, que creio significativos e se podem prestar a comentário.

1955-57: Corominas, *Diccionario crítico etimológico de la lengua castellana*:

Nesta obra clássica da lexicografia hispânica, que se ocupa também do léxico galego-português, a língua da Galiza aparece sistematicamente como parte integrante da língua portuguesa. Expressões como “los tres romances ibéricos” ou similares, freqüentes ao longo de todo o livro (por exemplo, já no primeiro volume, nos verbetes *abarca*, *avellana*, *azcona*), som umha boa amostra da concepçom que Corominas tinha do nosso idioma, e que manifestaria ainda mais claramente no seu artigo do ano 1976, que cito mais abaixo.

1959: V[alentin]. Paz Andrade, *Galicia como tarea*, Buenos Aires: Ediciones Galicia 1959:

“[...] dada la identidad estructural que conservan el portugués y el gallego, recíprocamente inteligibles. Se trata de una lengua con la cual pueden entenderse hoy millones y millones de personas, aunque lo hablen con distinto acento o escriban de forma diferente cierto número de vocablos. En el cómputo se comprenden las poblaciones de Galicia, Portugal –con sus colonias–, y Brasil. El mapa del idioma de Camões y Rosalía se extiende a cuatro continentes” (pp. 138-139).

“[...] que el mismo idioma se module con distinto acento y hasta que un cierto número de palabras y giros se pronuncien o construyan de manera diferente en

Galicia, Portugal y Brasil, tiene una importancia secundaria. Nunca podrá explicar satisfactoriamente la desconexión práctica entre la rama galaica y la lusa, del idioma común. Y, mucho menos, la orientación del problema, cerrando sus perspectivas dentro del marco regional y el concepto vernacular del idioma. [...] Toda posición que suponga desconocimiento de la unidad estructural, debe en este caso reputarse falsa. [...] Por tanto, no puede parecer razonable cualquier tendencia que reduzca el problema a la rehabilitación literaria de una lengua retardada en su forma escrita, haciendo caso omiso, o poco menos, de la evolución que experimentó durante siglos de uso múltiple y pleno, fuera del área de origen. Mucho más constructiva sería la tendencia a la asimilación de las voces necesarias, cuyo uso es normal en la otra rama del mismo árbol lingüístico” (pp. 145-146).

Citarei ainda outros textos posteriores de Paz Andrade, um dos mais clarividentes defensores do reintegracionismo.

1959: Guerra da Cal, *Lua de alén-mar*, Vigo: Editorial Galaxia 1959: poemas:

«Empregamos grafía portuguesa para todo-los fonemas galegos que por meio dela poden ser representados sen se deturpar o carácter da nosa peculiaridade idiomática. Moven-nos a isto duas razóns, ao noso ver válidamente xustificadoras: –a primeira é a evidencia de que o sistema gráfico vixente ata hoxe entre nós non ten base algüha respeitábel nen histórica nen científica; a segunda, i-ainda mais importante, é o considerarmos inadiábel o restabelecimento dos vencellos tradicionaes das nosas letras con o ámbito amplo e rico da cultura luso-brasileira, à cal, tanto pola verba, canto polo esprito pertencemos. Non fazemos nisto senón seguir o consello venerábel do patriarca Murguía, que xá recomendou a unificación lingüística con Portugal, apuntando que nela estaba o porvir do noso idioma. E, nefeito, creemos que ise é o caminho mais seguro para sobardar os límites rexionaes e dialeitaes que ainda estreitan a espresión cultural galega. Coidamos pois incluíbel reentrarmos no perímetro e nas correntes universaes do “mundo que o portugués criou” aquén i-alén mar. O ver-

dadeiro meridián espritoal da Galiza pasa por Lisboa e polo Ríó, e canto antes reconhecamos esta verdade, antes se abrirán à nosa antiga voz recuperada as posibilidades de ecoar fóra dos restritos confíns comarcaes nos que nos estamos pechando, cegos às vastas perspeitivias que temos diante dos olhos.» («Nota», pág. 14).

Estas palabras de Guerra da Cal eram umha espécie de programa de reintegraçom lingüística, realizada ainda imperfeitamente nesta primeira tentativa, mas levada a plenitude em posteriores obras do autor.

1960: Ramón Lorenzo (comentando *Lua de alén-mar* de Guerra da Cal no jornal *La Noche*):

“nosotros [*isto é, os galegos*] tendríamos que hacer una acomodación a los fonemas portugueses. La idea encontraría opositores. Pero no me parece desca-bellado. Sólo me refiero a algunos fonemas, o hablando más propiamente a la grafía de algunos fonemas, como *nh, lh, g, j* (como hacía Pondal). Adoptar *ç* se-ría más complicado. [...] La idea, repito, es interesante. Habría que luchar, pero sería fundamental que nos acercásemos al mundo luso-brasileño, siempre que no perdiésemos nuestros derechos y nuestro patrimonio” (*La Noche* 15-2-60).

Esta clara e serena afirmaçom de reintegracionismo, mesmo com consciência da injustificada resistênciia que tal concepçom encontra, surpreenderá a quem conheça a posterior evoluçom ideológica do professor Ramón Lorenzo.

1961: Álvaro Cunqueiro: resposta a um inquérito de jornal:

“el tema más urgente, la lengua. Es el nudo de la cuestión. La vida de la len-gua, el gallego, hoy, ahora mismo, en abril de 1961. Y las posibilidades luso-brasileiras de la lengua. [...] Tenemos que ponernos en forma para un «parla-mento total» de la lengua gallega, para un pie de igualdad con los otros de

nuestra misma matriz lingüística, en Portugal y en el Brasil” (*El Progreso* (Lugo), 13 de abril de 1961).

Cunqueiro pronunciou-se repetidamente nestes anos em favor da reintegraçom lingüística, insistindo na importância da ortografía, como ainda teremos ocasiom de ver.

1961 (e 1971): *Gramática portuguesa* de Pilar Vázquez Cuesta e Maria Albertina Mendes da Luz:

Nesta magnífica obra a língua da Galiza aparece (especialmente na terceira ediçom, de 1971) como umha variante do português, do mesmo modo que o brasileiro ou outras. Vázquez Cuesta parece ter abandonado depois essa concepçom do carácter lusófono da Galiza.

1963: Guerra da Cal, *Rio de sonho e tempo*, Vigo: Editorial Galaxia 1963: poemas.

1968: Valentín Paz-Andrade, «A evolución trans-continental da lingua galaico-portuguesa», em: [VÁRIOS], *O porvir da lingua galega*, Lugo: Círculo de las Artes 1968, 166 pp., pp. 115-132:

“¿Qué camiño debe escoller Galiza para axustar a futura evolución da sua lingua? [...] ¿Non pode d-algún xeito estar recramando certa virada no rumbo da política interna do idioma? [...] ¿O galego ha de seguir mantendo unha liña autónoma na sua evolución como idioma, ou ha de pender a mais estreita similaridade co-a lingua falada, e sobre todo escrita, de Portugal e-o Brasil? [...] Non se pretende chegar á unificación literal. Mais trátase de conter a disociación, facendo os axustes necesarios pra aproveitar as ventaxas mútuas que un intercambio permanente podería proporciar. A ninguén se lle oculta que, da parte da Galiza, hai a gañar moito mais que a perder, si a relación entre unha e outra fala se avivece e sostén” (pág. 131).

Desta época é também o seguinte fragmento de umha carta de Paz-Andrade:

“Que sorte de cegueira pode aínda hoxe, co-a mellor intención, seguir pechando as portas do idioma, abertas car-a sua máis grandiosa froración humán e literaria? Cecais estamos diante do nô máis tolledor da cultura galega, aínda que moitos non teñan reparado n-el” (*Epistolario* (1997), pág. 196).

1969: Álvaro Cunqueiro: respostas em entrevistas jornalísticas:

“Nosotros tenemos que ir, inevitablemente, con los portugueses y los brasileños hacia una unificación ortográfica. Ellos poseen, ambos, una misma ortografía, y nosotros arrastramos la invención de los precursores del siglo XIX, que al cabo de los siglos volvieron a escribir el idioma y lo hicieron empleando una ortografía híbrida, muy influida por el castellano. Ten en cuenta que el año 2000 hablarán el gallego-portugués-brasileño 200 millones de personas. Nosotros seremos siempre un poco marginales en este concierto, pero sin duda podemos tener en él una gran audiencia” (*Destino* (Barcelona), 8 de março de 1969).

“Cuando logremos la unificación ortográfica del gallego con el portugués, nuestro idioma podrá ser hablado por 200 millones de personas” (*El Mundo*, 19 de julho de 1969).

“El gallego-portugués será hablado en el año 2000 por 200 millones de seres, entre gallegos, portugueses y brasileños. Cuando se logre la unificación ortográfica, a la que habrá de llegarse, es indudable que la lengua gallega no será un cementerio lingüístico, como el holandés, pongamos por caso”.

A referêncía ao ano 2000, que Cunqueiro assinala repetidamente como umha meta, produz-nos hoje, já passada essa data, umha certa nostalgia. Esse sim que teria sido para a Galiza um “efeito 2000”! Com efeito, a profecia de Cunqueiro teria

sido hoje realidade, de modo mais ou menos pleno, se nos anos 70 a cultura galega, em vez de tomar o rumo sem saída do isolacionismo, tivesse posto em marcha o processo de reintegração, sobretudo no campo ortográfico.

1970: Valentín Paz-Andrade, *La marginación de Galicia*, Madrid: Siglo XXI  
1970:

“Si quisiéramos poner linderos al territorio lingüístico, básicamente uniforme, del gallego-portugués, tendríamos que situar el del Norte en Navia y el del Oeste en Corumbá, con el Atlántico en medio. El primero marca la línea de frontera en el Continente europeo. El segundo, en la de Brasil y Bolivia, con Ponta Porá en la paraguaya, marcan la misma línea en el Continente sudamericano” (pág. 105).

1970: Álvaro Cunqueiro: entrevista jornalística:

[o idioma da Galiza é] “uno de los idiomas futuros, que será hablado en el año 2000 por 200 millones de personas, contando Portugal, Brasil y Galicia, que hablan el mismo idioma con diferencias ortográficas unificables” (*La Gaceta del Norte* (Bilbau), 31 de janeiro de 1970).

1971: *Normas* lingüísticas da Academia Galega:

Em geral, é claro nestas normas o espírito reintegrador que as anima. Algunhas das modificacións, como a introdução do plural em *-ais*, serán decisivas para o futuro da língua.

1971: Lindley-Cintra, «Nova proposta de classificação dos dialectos galego-portugueses»:

A Galiza aparece aqui englobada dentro do mundo lusófono, como já antes em Leite de Vasconcelos.

1972: Álvaro Cunqueiro: artigo de jornal:

“E cómpre sinalar que hai, no ensino e coñecemento do galego, algo que non pode non ser esquecido: un galego que saiba ben o seu idioma e saiba ben o castelán, idioma oficial, ten na boca dúas grandes chaves: a que lle abre a porta doutro grande mundo; a do que fala galego-português-brasileiro, quizaves douscentos millóns de seres humanos no ano dous mil. E véxase que só cun ensino metódico e xeral do galego, poderase chegar, no seu día, a unha unificación ortográfica do galego co portugués –o que non quitará en nada ás peculiaridades de léxico e sintaxe da nosa vella fala–”.

1973: Rodrigues Lapa, «A recuperación literária do galego» (*Colóquio / Letras e Grial*).

1974: «Manifesto para a supervivência da cultura galega», em: *Seara Nova* (Lisboa), núm. 1547 (Setembro de 1974), pp. 30-31, e em: *Cuadernos para el diálogo* (Madrid), núm. 133 (Outubro de 1974), pp. 8-11.

1975: Carvalho Calero, «Ortografía galega», em: *La Voz de Galicia* (A Corunha), 27 de Julho de 1975:

“[...] históricamente non habería outra ortografía que a inspirada no portugués. É indubitábel que unha nivelación realista coa práctica escrita deste idioma está de acordo coas orixes e pode abrir un campo de expansión moi necesario ás nosas letras. Estamos se cadra no intre en que compre xa unha revisión da nosa normativa á luz deses feitos. [...] Inserto o noso idioma no complexo iberorrománico occidental, calquer grafía que resulte dialectalmente rechamante producirá unha impresión de indisciplina cultural, que debe evitarse se pode selo [...] restabelecendo a continuidade que pode ter sido alterada polo intre dialectal en que a lingua viviu durante séculos”.



1975: Carvalho Calero, «Galego-português ou galego-castelán», em: *La Voz de Galicia* (A Corunha), domingo 10 de Agosto de 1975.

1975: Martinho Montero Santalha, «¿Ortografía galega ou galego-portuguesa?», em: *La Voz de Galicia* (A Corunha), 16 de Setembro de 1975.

1976: Martinho Montero Santalha, «Unificación ortográfica galego-portuguesa», em: *Grial* (Vigo), núm. 51 (Janeiro - Março 1976), pp. 1-13.

1976: Joan Coromines, «Sobre a unificación ortográfica galego-portuguesa», em: *Grial* (Vigo), núm. 53 (Julho - Setembro 1976), pp. 277-282].

1977: *Bases*: normas lingüísticas promovidas polo ILG:

Estas normas lingüísticas significarom umha parcial rectificaçom da concepçom isolacionista propugnada polo Instituto da Lingua Galega desde a sua fundaçom uns anos antes. Porém, essa tendência e as intencões de ânimo reintegrador que aí apareciam forom logo abandonadas.

1979: Martinho Montero Santalha, *Directrices para a reintegración lingüística galego-portuguesa*, Ferrol 1979.

1980, abril - maio: *Normas lingüísticas da Comisión de Lingüística* da primeira Junta.

Eram um compromisso entre as duas tendências, para aquele momento. Mas a tendência isolacionista opôs-lhes logo resistência, e optou por manobrar no terreno político, conseguindo do poder que as deixasse sem vigência. Esta atitude, com o que significava de ameaça para a supervivência da língua, provocou no movimento reintegracionista a consciência de que era necessário organizar-se para intentar salvar o futuro do idioma. Daí surgiu a fundaçom da AGAL.

1980: *Normas* lingüísticas da ASPG:

Som as chamadas “normas de mínimos” reintegracionistas. O seu espírito, entom abertamente reintegrador, resultou porém freado mais tarde.

1982: Nova edição das *Normas* lingüísticas da ASPG (*lh, nh, -m, etc.*):

Apesar de terem sido aceites maioritariamente polos órgãos competentes da ASPG, a cisom que um sector minoritário, por motivos de índole especialmente política mas também lingüística, provocou pouco depois nesta associação pedagógica impediu que essas normas, decididamente reintegracionistas, alcançassem uso geral nesse sector dissidente, que, por renúncia do grupo maioritário em bem da paz, acabaria mantendo o nome e a sigla ASPG. Polo contrário, as normas sim se tornariam habituais no sector maioritário, politicamente independente, que acabaria adoptando o nome e a sigla ASPGP (Associação Sócio-Pedagógica Galego-Portuguesa).